



IES MARTAGUISELA

PLAN DE CONVIVENCIA

INDICE

1. DIAGNÓSTICO PREVIO E PRIORIZACIÓN DE NECESIDADES EN CONVIVENCIA

1.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E O CONTEXTO

1.2. ASPECTOS DE XESTIÓN E ORGANIZACIÓN QUE AFECTAN Á CONVIVENCIA.

1.3. VALORACIÓN DAS RELACIÓNS E PARTICIPACIÓN DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

1.4. CONFLITIVIDADE: SECTORES IMPLICADOS, TIPOLOXÍA E NÚMERO DE CONFLITOS.

2. OBXECTIVOS

3. MEDIDAS E ACTUACIÓNS:

3.1. ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN

3.1.1 ORGANIZATIVAS

3.1.2 DE COORDINACIÓN

3.1.3 MEDIDAS DE PROGRAMACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO CURRÍCULO

3.1.4 AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

3.1.5 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

3.2. GARANTES DA PARTICIPACIÓN E FORMACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

3.3. PREVENTIVAS

3.4. EDUCACIÓN NA IGUALDADE E NON DISCRIMINACIÓN

3.5. DETECCIÓN E XESTIÓN DA CONFLITIVIDADE: O SISTEMA DE MEDIACIÓN ESCOLAR

3.6. MEDIDAS E PROGRAMAS ESPECÍFICOS

3.7. PROTOCOLO DE ABSENTISMO ESCOLAR

3.8. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

4. PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN ACOSO ESCOLAR

5. CONCRECIÓN DE PERSOAS IMPLICADAS E PROCEDEMENTOS DAS DIFERENTES ACTUACIÓNS.

6. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

6.1. DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

6.2. PROTOCOLO DE DETECCIÓN DE INCUMPRIMENTOS

7. CONDUTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA E CORRECCIÓNS.

8. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA E CON FAMILIAS, OUTROS CENTROS EDUCATIVOS E ORGANISMOS.

10. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

11.PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.

ANEXO: PROGRAMA HABILIDADES SOCIAIS

1. DIAGNÓSTICO E PRIORIZACIÓN DE NECESIDADES EN CONVIVENCIA

1.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E O CONTEXTO

O Instituto de Educación Secundaria "Martaguisela" é un Centro educativo da rede pública, especializado na Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato, nas súas ramas humanística, artística e científico-técnica.

Comezou a súa andadura como Centro educativo no curso 1974/75, coa denominación de Instituto de Bacharelato de O Barco de Valdeorras. Non obstante, polas características actuais do Instituto e as expectativas da súa comunidade escolar, mantén o espírito dun centro que pretende unha ensinanza de calidade. A partir do curso 1995/96, no que se incorpora a Reforma Educativa adopta a súa denominación actual.

O IES Martaguisela foi o primeiro instituto de bacharelato de O Barco e da Comarca de Valdeorras, dende entón as sinais de identidade do Centro fóronse modelando, tendo en conta as novas normativas, as demandas das novas xeracións, e un elevado número de alumnado que se incorpora procedente de culturas diferentes.

Un dos puntos que podemos destacar é a gran variedade de materias que se ofertan, para dar cabida a diversidade de alumnado co que contamos, xa en ESO e sobre todo en bacharelato, partindo sempre da normativa en vigor e contando ca dispoñibilidade do profesorado que forma os diferentes departamentos.

O I.E.S. Martaguisela, como centro público sostido principalmente con fondos procedentes da Consellería de Educación, declárase defensor da ensinanza pública, dunha escola activa (aprender a aprender) e aberta, aconfesional e respectuosa coa diversidade cultural, racial, ideolóxica e coas crenzas relixiosas de cada un/unha, que promoverá a normalización da lingua galega, entendendo que tal feito implica unha maior riqueza cultural e máis posibilidades de achegamento á sociedade na que vivimos. O seu labor orientarase a una educación crítica, reflexiva, solidaria, humanizadora, tolerante e participativa.

A vila de O Barco, onde radica o centro, é o principal núcleo de poboación do partido Xudicial e da comarca de Valdeorras. O seu municipio aséntase no Sureste da provincia de Ourense. Posúe unha poboación de 15.000 habitantes.

O alumnado do IES Martaguisela de O Barco de Valdeorras procede maioritariamente do propio concello é do concello do Barco de Valdeorras o 73% do alumnado. Os alumnos/as que non proceden de fora do Barco proveñen fundamentalmente dos concellos limítrofes de Rubiá e Vilamartín; se ben en bacharelato atopamos tamén varios alumnos/as que veñen de Carballada de Valdeorras.

É salientable a presenza de bastantes inmigrantes, procedentes sobre todo de Portugal e de países sudamericanos, especialmente Arxentina, Colombia e da República Dominicana, e Brasil, Aínda que nos últimos anos varían máis as procedencias, tendo alumnos matriculados de Pakistán, Cabo Verde, Marrocos, Romanía.

Polo que respecta ó medio de transporte empregado polo alumnado para acudir ó centro, os alumnos/as que viven na vila veñen ó centro maioritariamente a pé (aproximadamente o 76%), sendo considerable tamén o número de alumnos/as que veñen en autobús escolar (aproximadamente o 14%) e moi escaso o daqueles que empregan outros medios como a moto ou o coche particular.

Polo contrario, os alumnos/as que residen fóra do Barco acoden ó centro maioritariamente en autobús escolar (aproximadamente o 89%) e son moi poucos os que o fan a través doutros medios.

1.2 MELLORA DENDE A XESTIÓN E ORGANIZACIÓN:

O ámbito de actuación de mellora dende a xestión e organización incluírá medidas que analicen e melloren a organización do centro, permitindo optimizar os recursos persoais e materiais con obxecto de conseguir un adecuado clima escolar e para contribuir ao desenrolo de competencias sociais e valores democráticos de convivencia.

Entre dichas medidas poden considerarse as seguintes:

- a) Fórmulas estruturais de agrupamentos do alumnado, asignación de grupos, organización de espazos, horarios e distribución de responsabilidades, acordos a normativa vixente.
- b) Modelos de organización de planes de acollida e implicación do alumnado, profesorado e familias.
- c) Criterios e procesos para a elaboración das normas de convivencia, facilitando a implicación, participación e integración da comunidade educativa.
- d) Organización da aula de convivencia, mediación escolar, acción tutorial u outras que precisen da xestión dos recursos persoais, horarios e espazos.
- e) Outras estratexias que o centro articule para atender as súas necesidades estruturais no ámbito da convivencia escolar.

1.3 VALORACIÓN DAS RELACIÓNS E PARTICIPACIÓN DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

O ámbito de actuación de desenvolvemento da participación aplicará medidas que faciliten e propicien a participación da comunidade educativa, podendo desenvolver, entre outras, as seguintes estratexias:

- a) Actividades de acollida para familias, profesorado e alumnado
- b) Prantexamentos de implicación e participación da comunidade educativa.
- c) Actuacións específicas para a dinamización da participación de delegadas e delegados de madres e pais.
- d) Actuacións da comisión de convivencia do Consello Escolar
- e) Actuacións cas asociacións de madres e pais do alumnado.
- f) Iniciativas para a implicación e participación da comunidade educativa na Xéneses dunha convivencia pacífica, democrática e non violenta.
- g) Actuacións con colaboración de asociacións, organizacións no gobernamentais e outros organismos do entorno para o desenvolvemento sociocomunitario.
- h) Outros programas e medidas que incidan en aspectos propios deste ámbito.

2. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

A priorización de necesidades efectuada permitiu formular os seguintes obxectivos do plan:

1. Construír un ambiente educativo de respecto e igualdade que permita o pleno desenvolvemento de capacidades persoais e sociais así como a realización das actividades programadas.
2. Educar nos valores democráticos (tolerancia, respecto, espírito crítico, participación, solidariedade, respecto á diversidade ...) e na igualdade para formar cidadáns e cidadás activos e responsables.
3. Fomentar actitudes de aceptación e cumprimento das normas convivencia, baseadas na participación e na reflexión crítica sobre a súa necesidade.
4. Reducir as condutas disruptivas e contrarias a convivencia na aula.
5. Previr e intervir nas situacións de maltrato entre iguais.
6. Facilitar a prevención e eliminación de violencia de xénero e actitudes e comportamentos xenófobos.
7. Desenvolver habilidades e actitudes que reduzan a aparición de conflitos.
8. Promover estratexias pacíficas e positivas de resolución de conflitos, incidindo especialmente na mediación escolar, para que estes podan servir como fonte de aprendizaxe.
9. Fomentar a implicación e participación das familias tanto na transmisión de valores como no desenvolvemento de actividades de fomento da convivencia no centro.
10. Colaborar con servizos da contorna no desenvolvemento dunha convivencia de calidade e atención a potenciais situacións desfavorecidas.
11. Aprender a convivir co medio ambiente de xeito sostible e respectuoso.
12. Contribuír á adquisición de competencias básicas, especialmente as competencia social e cidadá e a autonomía e iniciativa persoal.

3. MEDIDAS E ACTUACIÓNS:

3.1.ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN

3.1.1.Organizativas:

a) Organización de centro:

- Consello Escolar
- Comisión de convivencia
- Equipo de mediación escolar
- Servizo de alumnado titor

b) Organización da aula:

A disposición de elementos materiais e alumnado na aula será flexible e adaptada ás demandas da tarefa que se realice e posibilitará diferentes formas de organización social do traballo: individual, en parella, tutoría entre alumnado do mesmo nivel, grupos cooperativos de aprendizaxe, etc.

c) Vixianza de espazos e tempos de risco

- Recreos
- Entradas e saídas do centro
- Comedor escolar
- Cambios de clase

3.1.2 Medidas de coordinación

- Acción tutorial:

O profesorado titor será o nexo de unión entre as familias e o centro educativo. É moi importante que exista unha relación e comunicación fluídas entre o tutor /a tutora e as familias do alumnado polo que respecta á evolución persoal e académica .

proporcionándolle toda a información sobre o calendario escolar, horarios e actividades.

Informará ao profesorado sobre o grupo e as familias sobre o rendemento académico do alumnado.

Controlará as faltas de asistencia e de puntualidade.

Facilitará a integración do alumnado no seu grupo-clase.

Presidirá as xuntas de avaliación do grupo clase ao que ten asignada a tutoría e a toma de decisións sobre a promoción do alumnado.

Coordinará o deseño, desenvolvemento e avaliación das programacións docentes. En colaboración co departamento de orientación , coordinará o proceso de axuste das programacións ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e de necesidades educativas especiais.

Orientará ao alumnado de maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.

- A xefatura de Estudos: O/A xefe/a de estudos elaborará as normas de entrada e saída ao centro e as zonas de lecer, así como o traslado das aulas de referencia de cada grupo ás aulas específicas. Elaborará un horario de gardas de profesorado nos recreos, tendo en conta as distintas zonas e actividades nas que participa o alumnado.

Proporá un titor/a para cada grupo, entre o profesorado que da clase ao mesmo. Fará coincidir unha hora no horario dos titores dun mesmo nivel para que poidan reunirse co departamento de orientación unha vez ó mes.

Coordinará as distintas avaliacións.

- A xefatura do departamento de orientación: Celebrará unha reunión mensual co profesorado titor para consensuar e poñer en posta diferentes medidas vinculadas directamente coa convivencia: mediación escolar, habilidade sociais, intelixencia emocional, atención individualizada cando sexa necesario, resolución de conflitos entre o alumnado, etc.

3.1.3 Medidas de programación e desenvolvemento do currículo

a) Tratamento transversal de valores como a tolerancia, o respecto pola diversidade, a igualdade e non discriminación , contribuíndo ao desenvolvemento da competencia social e cidadá.

b) Programas de habilidades sociais e intelixencia emocional para desenvolver nas titorías.

c) Medidas de atención á diversidade de capacidades, motivación e intereses no alumnado.

e)Estratexias metodolóxicas

En concordancia coa disposición da aula, empregaranse metodoloxías participativas e activas, que fomenten a interacción positiva entre o alumnado, promovendo especialmente os grupos de traballo cooperativo nas diferentes materias.

f) Avaliación do progreso do alumnado

A avaliación do alumnado será continua, empregando formas e instrumentos diversos, adaptándoos ás características do alumnado cando sexa necesario. Dita avaliación enténdese nun sentido amplo de desenvolvemento de competencias clave, incluíndo a competencia social, polo que servirá para detectar calquera dificultade neste ámbito e deseñar unha resposta. A resposta a diversidade do alumnado, en tódolos parámetros inflúe directamente no clima de convivencia na aula e no centro, tanto en prevención primaria como secundaria.

3.1.4 Avaliación da práctica docente

- Autoavaliación individual do profesorado
- Avaliación dentro de cada departamento
- Avaliación por parte do alumnado, usando un cuestionario elaborado para tal finalidade.

3.1.5 Actividades complementarias e extraescolares.

Desenvolven actitudes prosociais e habilidades de interacción cos iguais como o sentido de pertenza ao grupo, empatía e habilidades de comunicación. No caso de alumnado con reiteradas e/ou graves faltas de comportamento, analizarase a conveniencia de que asista a estas actividades, procurando sempre asegurar os dereitos de tódolos participantes.

3.2. GARANTES DA PARTICIPACIÓN E FORMACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Para garantir a formación dos membros da comunidade educativa en materia de convivencia, deséñanse as seguintes actuacións:

1. Creación dun grupo de traballo para elaborar materiais para o equipo de mediación escolar.
2. Cursos para empregar a aprendizaxe cooperativa na aula.
3. Xornadas de formación conxunta do equipo de mediación (profesorado, alumnado, familias, outros axentes)
4. Xornadas de formación para mediadores e alumnado titor
5. Charlas para as familias sobre os perigos das redes sociais, a drogodependencia, a educación afectivo-sexual, en colaboración coa ANPA e servizos e organismos externos .

3.3. PREVENTIVAS:

3.3.1. Plan de acollida

- PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE

Cando a incorporación se produza a principio de curso empregarase o seguinte procedemento: entrega de carpeta con información sobre o centro (regulamento de organización e funcionamento, plano das dependencias do centro.) Faise ademais unha presentación “ formal “ no primeiro claustro. O xefe de cada departamento didáctico encargárase do proceso de acollida eses primeiros días.

No caso de profesorado que se incorpore ao longo do curso seguirase o mesmo procedemento, agás a presentación en claustro se non coincide a súa chegada con algún.

Para o persoal non docente, especialmente conserxería e administración , pódese entregar unha carpeta semellante á entregada ao persoal docente.

- **ALUMNADO**

A primeira actuación será co alumnado que se incorpora en 1º ESO. Durante o segundo trimestre organizarase unha “ Xornada de Portas Abertas” para o alumnado de 6º Ed. Primaria dos centros adscritos ao IES Martaguisela. Charlas informativas para dar a coñecer o Centro ás familias, sobre o proxecto educativo, instalacións, recursos humanos, actividades, etc.

As seguintes actuacións, comúns ao resto de niveis, se desenvolverá a través da acción titorial, especialmente nas titorías lectivas de ESO. Incluirán a reflexión sobre a necesidade das normas de convivencia, o coñecemento nas normas do centro e a elaboración das normas de aula.

Cando durante o curso se produza unha incorporación , solicitarase a axuda de alumnado voluntario como guía-acompañante. Isto é especialmente importante en alumnado procedente do estranxeiro . Neste caso activarase o protocolo de acollida que figura anexo.

Prevese a formación dun equipo de alumnado-titor que acompañe tamén ao alumnado de 1º de ESO.

ALUMNADO INMIGRANTE

Tras o ditame de escolarización da Inspección Educativa, actuarase segundo o seguinte protocolo:

1. Reunión do Equipo Directivo coa familia do/a alumno/a: información sobre o funcionamento xeral do centro. En caso de descoñecemento ou insuficiente nivel en galego ou castelán empréganse as Guías para a Comunicación elaboradas pola Xunta de Galicia. Recórrese tamén a alumnado estranxeiro voluntario desa mesma nacionalidade, xa veterano no centro, cando existe.
2. O equipo Directivo deriva ao Departamento de Orientación para realizar unha avaliación inicial que permita a escolarización no nivel educativo máis axeitado. Esta avaliación consiste en :
 - Valoración do dominio das linguas vehiculares nas súas diferentes competencias.
 - Estimación do funcionamento cognitivo, recorrendo ás probas con menor influxo cultural ou mesmo só a probas de compoñente gráfico.
 - Identificación do seu nivel de competencia curricular en Matemáticas.
 - Se o alumno é castelán falante realízase unha valoración da súa comprensión lectora e expresión escrita.
 - Análise da documentación académica que aporta do seu lugar de procedencia.

3. Valorando toda a información recollida no proceso anterior, así como a súa idade determínase o nivel en que será escolarizado. Para a ubicación nun grupo concreto terase ademais en conta a posibilidade de contar con alumnado-guía –titor e as posibilidades de apoio fóra da aula co profesorado de Pedagogía Terapéutica.
4. O departamento de orientación completará ademais a información necesaria sobre o contexto social e familiar do /a novo/a alumno/a. En colaboración co profesorado titor busca alumnado que poida servir de guía- titor no proceso de adaptación / integración.
5. Cando o proceso de avaliación inicial detecta descoñecemento dunha ou das dúas linguas oficiais de Galicia , desfase curricular significativo(superior a dous anos) ou previsibles problemas de adaptación escolar e / ou persoal se poñen en funcionamento as medidas curriculares recollidas na orde 20 de febreiro de 2004.

A acollida contempla ademais a colaboración voluntaria doutras familias de nacionalidade, idioma ou outras características similares que faga posible unha relación máis fluída coas novas familias inmigrantes.

- No caso do alumnado estranxeiro que se incorpora a clases de apoio cabe salientar a importancia das entrevistas periódicas das novas familias co orientador e profesorado de apoio. Prográmase como mínimo unha entrevista por trimestre , convocándose ademais sempre que a evolución do estudante o reclame.

MEDIDAS CURRICULARES RECOLLIDAS NA ORDE 20 DE FEBREIRO DE 2004

A orde establece a posibilidades de crear grupos de adquisición de linguas e grupos de adaptación da competencia curricular._O número medio de alumnado que se atopa cada curso nesta situación así como a falta de dispoñibilidade horaria do profesorado dos distintos departamentos implican na realidade a imposibilidade de realizar estes agrupamentos cun profesorado específico. Como alternativa , este alumnado se deriva a clases de apoio fóra da aula co profesorado de Pedagogía Terapéutica .

Son incluídos dentro do horario establecido para esta aula con carácter xeral polo que comparten espazos e tempos co resto de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Nestas clases trabállase na adquisición das linguas galega e/ ou castelá, segundo a necesidade – e na nivelación da competencia curricular en Matemáticas. Cando existe posibilidade horaria se reforzan tamén contidos de Ciencias Naturais e Sociais pero esta situación non adoita producirse.

Para o alumnado con desfase curricular significativo en Matemáticas, procedeuse asemade a solicitar Adaptación Curricular significativa con

referente curricular que determine unha exploración detida do seu nivel de competencia curricular. Para o alumnado que descoñecía ámbalas dúas linguas oficiais se realizou Adaptación Curricular tomando como referente curricular un programa de adquisición da lingua.

ACTIVIDADES DE COLABORACIÓN ENTRE DIFERENTES SERVIZOS PÚBLICOS

Para facilitar a integración e colaborar na atención ás necesidades globais deste alumnado, O equipo directivo e o departamento de orientación intercambian información e coordinan actuacións cos Servizo Sociais do Concello (traballadoras sociais, educadora familiar). A problemática detectada inclúe desestruturación familiar, falta de normas e de capacidade de controlar o seu comportamento, dificultades económicas, é dicir, similar a do resto do alumnado pero co agravante da carencia dunha rede de apoio sociofamiliar. Nalgún caso si se teñen producido necesidades vinculadas ás características culturais, ideolóxicas e relixiosas que teñen afectado a alumnado do sexo feminino.

OUTRAS MEDIDAS, PLANS OU PROGRAMAS ESPECÍFICOS.

O departamento de Orientación emprega un tempo ao coñecemento do novo alumnado procedente de estranxeiro. Se a competencia comunicativa do alumnado o permite, será este quen, en exposición oral ou por escrito, fale ós /as compañeiros / as do seu lugar de procedencia. Completando esta actividade se procede a buscar información en Internet, biblioteca, etc. Se se descoñecen ámbalas dúas linguas oficiais é a profesora de apoio quen realiza unha breve exposición, continuando coa procura de información complementaria. Finalmente elabórase un mural alusivo a toda información recollida.

No último trimestre organizouse na aula de apoio “ a xornada dos mundos”, coa achega do alumnado estranxeiro: degustación de comida típica dos seus países de orixe, audicións musicais.

3.3.2. O ámbito de acción tutorial

O Plan de Acción tutorial na ESO concretará cada curso as actividades que se realizarán ao longo do curso para o fomento da convivencia, entre as que deberán figurar como actividades dirixidas ao alumnado:

- Actividades de acollida: A realizar durante o primeiro mes . Incluirán:
 - *Dinámicas de grupo para o coñecemento e formación de grupo.*
 - *Sensibilización sobre a necesidade das normas.*

Información sobre o Regulamento do centro e proposta de achegas ao mesmo. Elección por parte do alumnado das normas da aula e tipificación de consecuencias do incumprimento e elaboración de carteis coas mesmas.

- *Debate sobre o perfil e funcións do/a delegado/a de clase.*
- Desenvolvemento de actividades do programa de prevención do acoso escolar.
- Actividades para o desenvolvemento da intelixencia emocional: autocoñecemento, manexo e control de emocións negativas.
- Práctica de habilidades sociais de distinto nivel, incluíndo a modificación de condutas disruptivas.
- Actuacións para o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres e a sensibilización e prevención da violencia de xénero.
- Implantación da asemblea de aula como estratexia de xestión democrática da convivencia e aprendizaxe de habilidades comunicativas e de respecto e compromiso.
- Implantación da figura do observador da convivencia na aula. Quincenalmente, e de forma rotatoria, unha parella de alumnos/as observarán seguindo unha pauta que se lles proporcionará o transcórreo da convivencia no seu grupo-clase. Durante este tempo ou ao rematar , rexistrarán no “ libro da convivencia” os incidentes ocorridos, se se solucionaron e cómo e todo aquilo que consideren relevante. Ese libro será gardado polo profesorado titor , a quen deberán solicitalo para as anotacións . A información contida neste libro servirá para a avaliación da convivencia e detección de conflitos.
- Actividades relativas ao autocoidado e coidado das outras persoas
- Reflexión sobre o rumor , as súas consecuencias e cómo atallalos.

Incluirá asemade actuacións coas familias como as entrevistas e de coordinación co Departamento de Orientación. Estas reunións celebraranse por niveis cunha periodicidade mensual.

3.3.3. Protocolo de detección temperá

Mecanismos , procedementos e canles para detectar incumprimentos das normas :

- a)** Profesorado cubre parte de amoestación que deriva á profesorado titor
- b)** Profesorado-titor comunica ás familias
- c)** Profesorado-titor comunica á Xefatura de Estudos

3.4. EDUCAR NA IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES E A NON DISCRIMINACIÓN

3.4.1. Actuacións para o fomento da igualdade e prevención da violencia de xénero

- a) Curriculares: análise de linguaxe e contidos sexistas nos materiais curriculares; contribucións das mulleres nos diferentes campos de coñecemento; revisión de estereotipos profesionais.
- b) Plan de acción tutorial: conmemoración do día Internacional da Muller e do día Contra a Violencia de Xénero, actividades a nivel aula e a nivel centro: exposicións de carteis, producións audiovisuais, obradoiros de tarefas domésticas...
- c) Obradoiros de Educación afectivo-sexual, en colaboración co Concello e/ ou outros organismos públicos e/ ou privados.

3.4.2. Promoción da non discriminación.

Referímonos aquí á discriminación por razóns culturais, étnicas , raciais, relixiosas e de calquera outra índole, remitíndonos finalmente á diversidade no sentido mais amplo.

Desde este punto de vista, este obxectivo traballárase desde diferentes vertentes:

- a)** Actuacións recollidas no Plan de Atención á diversidade, que inciden especialmente no proceso de ensinanza-aprendizaxe e nos grupos cooperativos.
- b)** Acolida a alumnado procedente doutras culturas, países, etc, tanto no aspecto académico como no afectivo e social.
 - “Xornada dos mundos”
 - Alumnado titor
- c)** Plan de acción tutorial: actividades de educación na igualdade, contra a violencia de xénero.

3.5.DETECCIÓN E XESTIÓN DA CONFLITIVIDADE

3.5.1 Vixianza de espazos e tempos de risco (ver actuacións organizativas)

3.5.2 Sistema de mediación escolar

A comunidade educativa, representada no Consello Escolar, elixiu, sen prexuízo dos procedementos de corrección para condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, de entre os procedementos conciliados para a resolución de conflitos, establecer un sistema de mediación escolar. Neste procedemento dúas persoas mediadoras axudan ás partes en conflito a atopar unha solución que satisfaga a ambas, sendo estas as únicas responsables de acordar unha solución e cumprila.

As súas potencialidades abranguen tanto a prevención, como a resolución de conflitos .

I. Directrices para a creación do sistema de mediación

- a) É un procedemento formalizado e voluntario de resolución pacífica de conflitos entre iguais.
- b) O equipo de mediación estará formado por tódolos membros da comunidade educativa(alumnado de ESO e Bacharelato, profesorado, persoal docente e familias, outros membros da comunidade) que desexen participar.Só será excluído aquel alumnado que teña sido sometido a procedementos disciplinarios para sancionar condutas gravemente prexudiciais para a convivencia
- c) Cada curso escolar difundirase o proxecto na comunidade educativa para posibilitar a adhesión de novos membros.
- d) Estes conflitos inclúen aquelas situacións que derivaron en procedementos sancionadores pero tamén calquera outra que afecte á convivencia .
- e) Os membros do equipo recibirán unha formación para o seu cometido.

II. Características do seu funcionamento.

Cando se iniciara un procedemento sancionador con anterioridade, a opción de mediación suspenderá o inicio do procedemento , que se retomará se a mediación resulta infrutuosa. En caso de non chegarse a acordo ou ben cando se produza incumprimento do acordado , reiniciarase o procedemento sancionador e considerarase un agravante no segundo suposto .

Todo o proceso estará formalizado por escrito nos documentos elaborados polo centro para tal fin: solicitudes, acordos e compromisos. A participación será voluntaria para as partes en conflito pero se non se chega a acordo, reiniciarase o procedemento sancionador, de ser o caso. A participación dos mediadores será voluntaria sempre, podendo abandonar o procedemento e o equipo cando o soliciten.

A xefatura do Departamento de Orientación ou, no seu caso a persoa responsable de convivencia, coordinará o equipo e as actuacións, asesorando e colaborando na formación na que poderán participar axentes externos.

A formación para o alumnado levarase a cabo combinando horario escolar e extraescolar, dependendo das dispoñibilidades horarias e da aceptación por parte do alumnado para empregar tempos fóra do horario escolar para esta formación. A persoa responsable de coordinar esta formación sería o departamento de orientación, contando coa colaboración do Equipo Directivo e membros do equipo docente.

III Procedemento de derivación ao servizo de mediación.

É necesario lembrar que o funcionamento do servizo se base na voluntariedade e libre participación de tódalas partes.

- a) As persoas implicadas nunha situación de conflito poden dirixirse voluntariamente á xefatura do departamento de orientación para solicitar este servizo
- b) Profesorado –titor e equipo directivo que coñezan a existencia dun conflito, poden ofrecerlle ás persoas implicadas a posibilidade de empregar este servizo.
- c) Cando o conflito derivase nun procedemento sancionador, o Equipo Directivo, valorando ofrecerá a posibilidade da mediación. Neste momento o procedemento queda en suspenso ata a resolución do procedemento de mediación. De non producirse acordo, reiniciarase o procedemento sancionador. En caso de acordo, este queda paralizado pero, de incumprirse o acordado, retomarase o procedemento, considerándose o incumprimento un agravante.

3.6. MEDIDAS E PROGRAMAS ESPECÍFICOS.

3.6.1 Protocolo de actuación ante posibles casos de maltrato familiar.

Cando por diferentes procedementos o profesorado ou persoal non docente chegase ao coñecemento dunha posible situación de maltrato (físico, psíquico, desprotección, negligencia nos coidados básicos, etc.) que afecte a un alumna ou alumna do centro no seu entorno familiar, procederase do seguinte xeito:

- a) Comunicación á Xefatura do departamento de orientación que se entrevistara co alumna ou alumna.
- b) A xefatura de orientación informará ao Equipo Directivo e emitirá un informe coa información relevante recollida ata o momento.
- c) Valoración por parte do Equipo Directivo da necesidade de intervención que pode incluír: derivación a Servizos Sociais do concello correspondente; comunicación ao Servizo de Menores provincial; comunicación ao teléfono do Menor... A comunicación será realizada polo Director, acompañado de informe pertinente de orientación.

3.6.2. Programas de Habilidades Sociais. (Ver anexo)

3.6.3 Programa “ aprendendo dos nosos avós”.

O seu obxectivo é desenvolver actitudes e valores relacionados co respecto, coidado e atención ás persoas da terceira idade do noso entorno así como aproveitar o capital de coñecemento que estes poden achegar. Procurará incluír actuacións como:

- a) de persoas da terceira idade en charlas ou obradoiros para o alumnado do centro.
- b) Interpretacións musicais, teatrais , por parte do alumnado para residencias da terceira idade.
- c) Participación Obradoiro de informática básico , impartido por alumnado voluntario, para persoas da terceira idade.

3.6.4. Actuacións para o coidado do medio natural:

- a) Semana da Natureza
- b) Educar para un consumo reponsable, sostible e respectuoso coa natureza. Proxecto reducir antes que reciclar papel. Aforro enerxético, uso responsable da auga.

3.7 PROTOCOLO DE INTERVENCIÓN ANTE ABSENTISMO ESCOLAR

Seguirase a adaptación do protocolo educativo para a prevención e o control de absentismo escolar en Galicia, recollido no NOF do Centro. Coa coordinación do profesorado que imparte cada unha das materias, o titor/a, Xefe/a de estudos, departamento de orientación, familias e director/a do centro.

3.8 AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

Inclúese a aula de convivencia como medida reeducadora pois se considera un espazo axeitado para a realización de actividades que axuden ao alumnado a reflexionar e aprender condutas positivas.

O procedemento de derivación a esta aula contempla dúas posibilidades:

- a) Albergará alumnado que acabe de ser expulsado da aula , tras o correspondente parte de amoestación que deberá ser entregado a titor/a, e copia a Xefatura de estudos. O profesorado da aula enviará á/ao delegado/a a buscar ao profesorado de garda para que dirixa ao alumnado expulsado á aula de convivencia.

A expulsión producirase sempre con asignación de tarefas para realizar. Se o alumno/a se nega a facer as tarefas será considerado como agravante da falta e será privado/a de saír ao patio ou realizar actividades durante o recreo.

b) Asemade acollera a alumnado que fose sancionado coa suspensión de asistencia a tódalas sesión lectivas. Este alumnado realizará tarefas académicas así como as previstas no programa de habilidades sociais elaborado con tal fin. A negativa á realización de tarefas considerarse un incumprimento da sanción, prorrogándose esta ata o seu cumprimento. O profesorado a quen afecte o incumprimento comunicará á familia este feito e as consecuencias do mesmo.

O alumnado que permaneza nesta aula estará vixiado polo profesorado de garda ,en colaboración coa xefatura do departamento de orientación, quen proporá materiais , actividades, e intervirá de xeito directo cando o caso o requira.

Crearase un rexistro de funcionamento desta aula, onde se anotará o alumnado que se deriva, a súa conduta durante a permanencia e o cumprimento das tarefas asignadas.

c) As familias deben coñecer calquera expulsión dos seus fillos fora da aula. Para elo o profesor sancionador debe comunicar o incidente a xefatura de estudos e a persoa titora do alumno/a e á familia na maior brevidade de tempo posible.

3. PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO SITUACIÓN DE ACOSO ESCOLAR

Enténdese por “ acoso escolar” calquera forma de vexación ou maltrato intencional e continuada no tempo , cometida contra un/unha alumno/a por outro/a/s, sexa verbal , físico ou psicológico, incluíndo o illamento social , con independencia do lugar onde se produza(dentro ou fóra do centro). Basease nunha relación social asimétrica, de desigualdade , na que a/s persoa/s acosadora/s se atopan nunha situación de superioridade respecto á vítima. Terán a mesma consideración as condutas realizadas por medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, que teñan a súa orixe no centro escolar. Incluirá asemade aquelas accións violentas encadradas neste perfil que ocorran fóra das instalación do centro, sempre cando afecte a alumnado do centro.

4.1 CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN E INFORMACIÓN PARA A COMUNIDADE EDUCATIVA.

➤ Para o alumnado:

Elaboraranse e distribuiranse polas dependencias do centro carteis informativos sobre qué e o acoso, persoas adultas a quen acudir no centro e medios para facelo. Habilitaranse con tal finalidade un buzón e un correo electrónico onde poder solicitar axuda. Cada curso se celebrará un concurso de carteis contra o acoso escolar, servindo ditos carteis para ampliar esta campaña de sensibilización.

➤ **Para a comunidade educativa:**

- Charla para as familias, podéndose solicitar colaboración con servizos externos como a Unidade de Saúde Mental ou outros especialistas.
- Formación ao profesorado nesta materia, podéndose crear un seminario ou grupo de traballo ao respecto.

4.2 PROGRAMAS DE PREVENCIÓN TITORÍAS LECTIVA.

O departamento de orientación elaborou un programa de actividades para a hora de titoría lectiva. Completarase coa aplicación inicial e periódica de instrumentos de detección de violencia escolar: cuestionarios para o alumnado, rexistros da observación da convivencia na aula...

4.3 DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN ACOSO ESCOLAR

1º Identificación e comunicación dun posible caso de acoso escolar.

Canles específicos de comunicación e identificación. Nas primeiras titorías de cada curso informarás ao alumnado de cales son esas canles: o profesorado titor, Equipo Directivo, equipo docente xeral ou departamento de orientación a existencia de calquera posible situación de maltrato entre iguais. . Habilitaranse con tal finalidade un buzón e un correo electrónico onde poder solicitar axuda. Este tema tratarase asemade nas reunión de principio de curso cos pais.

Medidas de protección á presunta vítima. Poderán incluír:

- a) Vixilancia das persoas implicadas: aula, corredores, patio, hora de entrada e saída, etc.
- b) Evitar o encontro coas persoas presuntamente acosadoras
- c) Outras figuras de apoio, incluíndo alumnado voluntario.
- d) Privación cautelar do dereito de recreo ás persoas presuntamente acosadoras.

Designar persoa de apoio á vítima.

O director nomeará, levantando acta , a unha persoa , preferiblemente de confianza do alumno para darlle apoio durante o proceso. Esta persoa pode coincidir ou non coa persoa designada para tramitar o procedemento.

Nomeamento da persoa responsable de tramitar o procedemento.

A dirección do centro nomeará, levantando acta do nomeamento , a unha persoa para recoller información, que, con carácter xeral, será a persoa responsable do departamento de orientación.

Comunicación a outros profesionais educativos axentes externos.

_Especialmente no caso de ciberacoso pode ser necesario contar con asesoramento técnico de profesorado con coñecemento da materia ou persoal externo ao centro.

2º Recollida de información

A persoa designada para tal función, procederá a realizar entrevistas coas distintas persoas implicadas e coas súas familias, se a xuízo do equipo directivo é necesario no caso destas últimas.

Entrevista inicial coa presunta vítima

A finalidade da entrevista non é só a recollida da información senón especialmente transmitirle seguridade e amosarlle o apoio da comunidade educativa ante esta situación así como romper o illamento en que pode atoparse esta persoa.

Entrevista inicial coas persoas presuntamente acosadoras

Realizaranse sempre de xeito individual

O seu obxectivo é a recollida de información así como amosar a intolerancia do centro ante estas condutas e axudarlles a tomar conciencia das consecuencias dos seus actos.

Entrevistas coas persoas observadoras.

Responden aos mesmos obxectivos e consideracións que coas persoas presuntamente acosadoras, enfatizando que o feito de asistir como observador tamén ten consecuencias para a vítima.

Entrevistas individuais ás familias.

A Dirección informará, coa debida cautela, ás familias implicadas. Buscará transmitir a tolerancia cero do centro con condutas de maltrato entre iguais e tranquilizar ás familias. Tamén servirá para recoller información que axude á comprensión do caso e á adopcións de decisións posterior.

No caso da familia da presunta vítima informárase das medidas de apoio e protección inicialmente tomadas; polo que respecta á familia das persoas presuntamente acosadoras comunicárase as posibles medidas provisionais que se adopten .

Tras estes bloques de entrevistas, a persoa encargada, co asesoramento do departamento de orientación, se non é a xefatura de orientación a encargada, fará unha primeira valoración da gravidade da situación , que comunicará á Dirección do centro.

3º Análise , valoración da información e adopción de medidas

Adopción de medidas.

O equipo directivo , reunido coa persoa encargada de tramitar o procedemento e o asesoramento do departamento de orientación, valorará toda a información recollida , decidindo qué medidas adoptar, que poderán incluír:

Medidas de protección á vítima:

- Vixilancia específica das persoas implicadas.
- Continuar ofrecendo persoas de apoio: profesorado, persoal non docente, alumnado voluntario.
- Concertar encontros periódicos da vítima coa xefatura de orientación e/ ou equipo directivo.
- Formación impartida polo departamento de orientación á vítima en medidas de autoprotección, autoconceito, asertividade e habilidades sociais.

Medidas correctoras.

Inclúe todas aquelas incluídas na Lei 4/2011, de 30 de xuño e recollidas na tipificación de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

A medida de cambio de grupo entenderase sempre, salvo opinión manifesta da vítima e a súa familia, como relativo á persoa ou persoas acosadoras.

Medidas educadoras

Contemplan actuacións coas diferentes persoas relacionadas

*****Coa vítima:** atención individualizada coa persoa titora e xefatura de orientación para abordar asertividade, habilidades sociais, autoestima.

*****Coa(s) persoa(s) acosadora(s) :** Atención individualizada da xefatura de orientación: conduta prosocial, empatía, habilidades para a resolución positiva de conflitos e autocontrol.

*****Co grupo-clase:** a nivel de titoría lectiva buscarase o desenvolvemento de actitudes prosociais, de solidariedade, respecto e empatía. Con carácter xeral traballarse tamén a resolución de conflitos.

3º Rexistro-informe final de valoración do caso e de medidas adoptadas.

Comunicación á Inspección.

Derivación a outros servizos. Cando da valoración realizada pola xefatura de orientación se desprenda unha situación de inestabilidade emocional/ ou situación de desprotección significativa para a vítima, poderá aconsellar ás familias a súa derivación a outros servizos: clínicos, sociais, de orde pública, etc.

4º Seguimento e avaliación

Unha vez adoptadas as medidas previstas, levarase a cabo, a través do director ou directora do centro, ou da persoa na que delegue, un seguimento da situación, coa intención de que non se volva producir e de observar os cambios reais no comportamento individual do alumnado protagonista da situación de acoso, no grupo onde tivo lugar (clima de aula e de centro) e o tempo no que se mantén o efecto das intervencións.

Este seguimento levarase a cabo coa intención de comprobar o cumprimento e a pertinencia das medidas adoptadas, tanto das de carácter urxente, no momento de coñecemento da situación, coma das restantes establecidas no desenvolvemento do protocolo. A este efecto, programaranse encontros periódicos, especialmente coa vítima, para comprobar se a actuación foi eficaz: se xa non hai maltrato, se mellorou a situación da vítima e se a persoa ou persoas agresora/s modificaron a súa actitude e conduta.

A dirección responsabilizarase de que se leven a cabo as medidas previstas e informará á Inspección Educativa do seu grao de consecución, segundo a temporización prevista.

5. CONCRECIÓN DE PERSOAS IMPLICADAS E PROCEDEMENTOS DAS DIFERENTES ACTUACIÓNS.

5.1. CONSELLO ESCOLAR. SERÁN AS SÚAS FUNCÍONS PRINCIPAIS:

- a) Elixir representantes na Comisión de Convivencia
- b) Establecer directrices para elaborar o Plan de Convivencia e as Normas de Convivencia
- c) Seguimento e avaliación anual do Plan de Convivencia e as Normas de Convivencia.
- d) Propoñer actuacións en relación á mellora de convivencia.

Celebrarán reunións trimestrais ordinarias e todas aquelas extraordinarias precisas.

A avaliación final realizarase seguindo unha grella cos indicadores que establece o Plan.

5.2. COMISIÓN DE CONVIVENCIA. SERÁN AS SÚAS FUNCIÓNS PRINCIPAIS:

- a) Elaboración , revisión e modificación, se é o caso, do Plan de Convivencia
- b)Adopción de medidas preventivas para garantir os dereitos de toda a comunidade educativa
- c)Fomento da igualdade en tódolos ámbitos e manifestacións así como a resolución pacífica de conflitos.
- d)Propoñer medidas para a mellora da convivencia ao Consello Escolar
- e)Informar ao Consello Escolar, polo menos dúas veces no curso académico, das actuacións desenvolvidas e medidas correctoras impostas.
- f) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia.
- g)Elaboración dunha memoria anual sobre análise da convivencia e conflictividade no centro, que será trasladada ao Consello Escolar e á Inspección educativa.

Esta comisión na no seo do Consello Escolar e reunirse cando o faga este con carácter ordinario e , de xeito extraordinario, cando o Consello escolar así o solicite.

5.3. CLAUSTRO DE PROFESORADO.AS SÚAS PRINCIPAIS FUNCIÓNS INCLÚEN:

- a)Realizar propostas para a elaboración do Plan de convivencia
- b)Participación na avaliación da convivencia no centro.
- c)Propoñer actuacións para a mellora da convivencia, especialmente para a resolución pacífica de conflitos.

5.4. EQUIPO DIRECTIVO. AS SÚAS FUNCIÓNS RESPECTO Á CONVIVENCIA SERÁN:

- a)Elaboración, no seu caso, do Plan de Convivencia e Normas de Convivencia, así como determinacións das actuacións pertinentes para o desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión do mesmo.
- b) Garantir e impulsar a posta en funcionamento das medidas e actuacións contempladas no Plan de Convivencia así como o cumprimento das normas de convivencia.

c) A Dirección do centro garantirá as condicións para que no centro exista un axeitado clima de aprendizaxe e participación, se exerza a mediación, a imposición de medidas correctoras así como velará polo cumprimento das mesmas.

d) A Xefatura de Estudos coordinará as actuacións contempladas no Plan de Convivencia e nas normas de Convivencia así como aquelas incluídas no Plan de Atención á Diversidade e de Acción titorial. Promoverá o exercicio da mediación así como organizará a atención educativa ao alumnado ao que se lle suspendera temporalmente o dereito de asistencia a clase.

5.5.COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.

a) Velará para que na Programación Xeral anual e nas Programacións didáctica se recollan as medidas pertinentes incluídas no Plan de Convivencia .

b) Recollerá dos diferentes departamentos didácticos propostas para a mellora de convivencia que serán trasladadas ao Claustro do Profesorado e ao Consello Escolar.

5.6. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

a) Incluirá anualmente no Plan de Acción Titorial medidas de mellora da convivencia.

b) Realizará propostas para a mellora da convivencia aos diferentes órganos do centro.

c) Colaboración na elaboración, desenvolvemento , avaliación e revisión do Plan de Convivencia.

d) Coordinación co Equipo Directivo e os Equipos Docentes na atención á conflitividade no centro.

e) Atención directa á problemas de convivencia no centro, incluíndo a súa participación no Protocolo de Acoso Escolar.

f) Intervir de xeito activo no sistema de mediación escolar do centro.

6. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO(Adxuntar NOF)

7. CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA E CORRECCIONES (NOF)

8. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

É un órgano colexiado de planificación , xestión e avaliación da convivencia no centro, asignada polo Consello Escolar.

Estará composto por:

- a) A persoa encargada da Dirección (será o presidente ou presidenta)
- b) Xefatura de Estudos
- c) Dous profesores ou profesoras
- d) Dous alumnos ou alumnas.
- e) Representante(s) de pais/nais.
- d) Persoa designada como responsable da mellora da convivencia.

As súas funcións incluirán:

- a) Aprobar a concreción anual do Plan de convivencia
- b) Coordinar tódalas iniciativas en materia de convivencia, fomentar a cultura da paz e de resolución pacífica de conflitos.
- c) Propoñer ao Consello Escolar medidas para a mellora da convivencia.
- d) Coñecer e velar, de ser o caso, o cumprimento de correccións e medidas disciplinarias.
- e) Apoiar a implantación e funcionamento do sistema de mediación escolar.
- f) Facer seguimento e avaliación continua e sumativa do Plan de Convivencia.
- g) Participar na elaboración da memoria anual de convivencia.

Establécese un calendario base de reunións e actuacións do seguinte xeito:

1º TRIMESTRE: Mínimo unha sesión ordinaria

Sesión para a elaboración da concreción anual do Plan de Convivencia
Sesión de apoio á constitución do equipo de mediación
Reunión final de avaliación das actuacións realizadas.

2º TRIMESTRE:

Sesión para apoiar o funcionamento do equipo de mediación.
Seguimento das medidas disciplinarias e correctoras.
Reunión final de avaliación das actuacións.

3º TRIMESTRE:

As mesmas previstas nas anteriores. A última sesión destinarase á participación na elaboración da memoria final do Plan de Convivencia.

9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA E COAS FAMILIAS , OUTROS CENTROS EDUCATIVOS E DA CONTORNA

9.1. PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS

9.1.1 Dereitos e deberes de nais e pais ou de titoras ou titores:

Segundo o establecido na lei 4/2011 de 30 de xuño son **dereitos** dos pais/nais ou das titoras ou titores:

- Ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- Estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa de fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas , para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros do equipo directivo dos centro.
- Recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia no centro docente.
- A ser oídos ante a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia nos fillos /as ou pupilos/as.
- A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación educativa que estableza a administración educativa.

Así mesmo, teñen os seguintes **deberes**:

- Coñecer, participar e apoiar a evolución do proceso educativo en colaboración co profesorado e centros docentes.
- Coñecer as normas establecidas polos centros, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e indicación do profesorado no exercicio das súas competencias.
- Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- Colaborar co centro docente na prevención e corrección de condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos e fillas ou pupilos ou pupilas.

9.1.2 Mecanismos de participación e colaboración de pais, nais , titores ou titoras:

- Consello Escolar .
- Comisión de convivencia.
- Colaboración da ANPA: organización e dotación de recursos para actividades complementarias e extraescolares para o alumnado, actividades formativas para as familias sobre temas como a prevención de drogodependencias , estilos educativos familiares, manexo de emocións negativas, etc.
- Entrevistas co profesorado titor.
- Entrevistas co Equipo Directivo
- Entrevistas co equipo docente

10. ESTRATEXIAS DE DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

O Plan debe ser coñecido por tódolos membros da comunidade educativa se queremos que sexa un instrumento realmente útil para a mellora da convivencia.

10.1. DIFUSIÓN ENTRE O PROFESORADO DO CENTRO

- Estará dispoñible unha copia na Sala de Profesorado
- No Claustro de principio de curso, informarase ao profesorado, especialmente ao de nova incorporación, da necesidade do seu coñecemento e aplicación.
- O Equipo Directivo e / ou a Xefatura do Departamento de Orientación daránllo a coñecer ao profesorado de nova incorporación no centro especialmente cando a incorporación se produza durante o curso escolar.
- Reunións mensuais da Xefatura do Departamento de Orientación cos pais.

10.2. DIFUSIÓN ENTRE O ALUMNADO DO CENTRO.

O alumnado deberá recibir información non só das Normas de Organización e Funcionamento senón de tódalas medidas e actuación que lles incumban directamente, como o protocolo sobre o acoso escolar, o protocolo de absentismo, o sistema de mediación escolar, etc..

Para a difusión entre o alumnado contémpanse as seguintes estratexias:

O Plan de Convivencia poderase consultar na páxina Web do instituto.

O Plan de Acción Titorial recollerá actividades para o coñecemento e contextualización á aula do Plan de Convivencia.

O Departamento de Orientación informará ao alumnado delegado sobre o Plan de Convivencia, ademais de formalos en asertividade, comunicación, resolución pacífica de conflitos.

Cada ano a revista escolar irá dando a coñecer e explicando diferentes medidas, protocolos e actuacións.

10.3 DIFUSIÓN ENTRE AS FAMILIAS

- Entregarase copia á ANPA
- Comentaranse os aspectos mais salientables na reunión inicial do profesorado titor cos pais/nais/ titores legais, indicándose onde está dispoñible.
- Poden consultalo tamén na páxina Web do instituto.
- Poderanse organizar sesións grupais informativas en horario extraescolar para abordar temas concretos como o protocolo de acoso escolar.
- Información nas reunións do Consello Escolar.

10.4 DIFUSIÓN ENTRE O PERSOAL NON DOCENTE.

- Recibirán a información pertinente para a súa contribución á mellora da convivencia.
- Terán a súa disposición unha copia do Plan de Convivencia na Consellería.
- Poderán consultar a páxina Web do centro así como consultar co Equipo Directivo e/ ou Departamento de Orientación aqueles aspectos que necesiten.
- Información nas reunións do Consello Escolar.

10.5 DIFUSIÓN ENTRE O CONXUNTO DA COMUNIDADE SOCIAL

Calquera persoa ou , sexa ou non pertencente de xeito estricto a esta comunidade , poderá ter coñecemento do Plan de Convivencia a través da páxina Web do instituto.

Contéplase que , ante conmemoración como o Día da Paz, Día para a erradicación da Violencia de Xénero, Día Internacional da Muller., profesorado e / ou alumnado podan difundir medidas e actuacións relacionadas, a través por exemplo, da intervención en medios de comunicación como radio, xornais da zona....

Haberá unha copia do plan de convivencia, así como do PEC e O NOF a disposición do profesorado, alumnado e ANPA.

11. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA

11.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN:

- a) Axeitada prioridade nas necesidades
- b) Adecuación dos contidos e actividades ás necesidades detectadas.
- c) Adecuación ás características e recursos do contexto do centro(viabilidade do plan)
- d)Acertada temporalización e secuenciación de actuacións e actividades.
- e) Grao de implicación dos diferentes profesionais.
- f) Contribución á mellora do clima xeral do centro.
- g) Grao de satisfacción das persoas implicadas no deseño e desenvolvemento do Plan.
- h) Diminución do número de conflitos explícitos entre o alumnado.
- i)Diminución dos partes de amoestación .
- j) Mellora de habilidades e recursos no alumnado para resolver os conflitos de xeito positivo .
- k) Incremento da sensibilización sobre o maltrato entre iguais.

11.2 PROCEDEMENTOS

Cada curso académico a comisión de convivencia realizará unha concreción para dito curso do Plan de Convivencia, que seleccionará e priorizará aqueles obxectivos e actuacións axeitadas ás necesidades.

Farase unha avaliación continua do desenvolvemento do Plan de Convivencia por diferentes órganos e servizos:

- a) Trimestralmente unha sesión da Comisión de Coordinación Pedagóxica realizará unha valoración do desenvolvemento do plan.
- b) Valoración no claustro que se celebra ordinariamente tras cada avaliación.
- c) Valoración trimestral por parte da comisión de convivencia
- d) Reunións do profesorado titor coa xefatura do departamento de orientación.
- e) Avaliación final do plan na comisión de convivencia, seguindo os indicadores establecidos para o seguimento do plan. Indicarase o número de sancións, expedientes, faltas, ect.

ANEXO I PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS (Alumnado aula de convivencia e privado dereito asistencia ao centro)

1.OBXECTIVOS.

1.1. Xerais

- a) Mellorar o clima de convivencia no centro.
- b) Axudar ao alumnado da aula de convivencia a reflexionar sobre a súa conduta e formalizar un compromiso de mellora.
- c) Posibilitar o autocoñecemento , especialmente o emocional , e a aprendizaxe de estratexias de manexo das emocións e autocontrol.

1.2.Específicos

- a) Aprender a expresarse de xeito asertivo.
- b) Comprender que as outras persoas tamén teñen emocións e dereitos.
- c) Desenvolver a capacidade de escoita activa.
- d) Acadar un coñecemento básico das emocións, aprender a reflexionar sobre as propias e a xestionalas de maneira positiva.
- e) Reflexionar sobre os propios valores e a vinculación coa conduta.
- f) Adquirir algunha estratexia pacífica de resolución de problemas.
- g) Aprender a realizar interaccións sociais positivas .

2. CONTIDOS:

2.1. ESTILOS DE COMUNICACIÓN

- Estilo asertivo, pasivo e agresivo
- A escoita activa
- Expresión asertiva: as mensaxes eu e aprender a dicir non.

2.2. AS EMOCIÓNs:

- Concepto
- Pensamento , emoción e conduta
- Emocións positivas
- Emocións negativas
- Manexo das emocións negativas, especialmente a ira.

2.3. A EMPATÍA

- Significado.
- Practicando a empatía

2.4. VALORES

- Significado
- Relación valores, metas e condutas
- Reflexión sobre os propios valores.

2.5. INTERACCIÓNES SOCIAIS POSITIVAS:

- Practicar a axuda e colaboración-
- Aceptar as críticas .
- Animando ás persoas que me rodean.
- Compromiso persoal para realizar interaccións positivas

2.6.O MALTRATO ENTRE IGUAIS

- Significado e consecuencias para os implicados
- Compromiso persoal contra o maltrato entre iguais.

2.7. RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

- Qué é un conflito
- Un sistema de resolución de conflitos: Análise do problema- busca de alternativas de solución- selección da mesma-posta en práctica e avaliación.
- Aplicación a diferentes problemas tipo e a conflitos persoais.

BLOQUE DE ACTIVIDADES: OS ESTILOS DE RELACIÓN INTERPERSOAL**ACTIVIDADE 1: OS ESTILOS DE RELACIÓN INTERPERSOAL**

Nas nosas relacións con outras persoas, podemos actuar con tres estilos diferentes:

A.ESTILO AGRESIVO:

A persoa busca só satisfacer a súa necesidade, exercer o seu dereito, sen respectar aos demais.

Utiliza agresión física, verbal , de xestos e psicolóxica.

Pensa que é superior, que só él/ela tén a razón e impónse aos demais.

Na comunicación verbal emprega insultos, ameazas, berros. Da ordes e ameazas. Pode que tamén diga tacos e palabrotas.

Na comunicación non verbal: mirada directa e desafiante, tono de voz alto e ameazador, o seu corpo transmite dominio.

Consecuencias: Crea un clima interpersoal negativo, de mal rolo . Xenera conflitos.

B. ESTILO PASIVO/INHIBIDO

A persoa non defende os seus dereitos e os demais aproveítanse diso.

Nas relacións interpersoais está nun plano de inferioridade. Non se atreve a expresar sentimentos e opinións.

Séntese inferior e culpable dos seus erros. A súa autoestima está baixa e experimenta moitas emocións negativas, podendo ter explosións de mal humor, rabia, etc.

Na comunicación verbal pode quedar calado e non dicir nada ou pode falar con dúbidas, con rodeas, como para non molestar.

Na comunicación non verbal: mirada baixa, volumen baixo. O corpo vese tenso e fai xestos nerviosos.

Consecuencias: Non é tido en conta polos demais, que poden aproveitarse del. Séntese insatisfeito.

C. ESTILO ASERTIVO

A persoa defende os seus dereitos, respectando os dos demais. Emprega o diálogo, a expresión controlada das súas emocións e a resolución pacífica de conflitos.

Considérase igual que os demais, recoñece os erros propios e tolera os dos outras persoas.

Experimenta moitas emocións positivas.

Na comunicación verbal: mensaxes en primeira persoa, fai preguntas, exprésase directamente.

Na comunicación non verbal: escoita activa, contacto ocular directo pero non desafiante, sonrisa, risa. O seu corpo transmite tranquilidade.

Consecuencias: Defende os seus dereitos, séntese satisfeita. Crea bo rolo e gusta aos demais.

ACTIVIDADE 2. CADA TAL CO SEU IGUAL (pax. 15, caderno de habilidades sociais nova Galicia edicións)

ACTIVIDADE 3 . Lembra algunha vez en que te comportaches de xeito agresivo.

Responde a estas cuestións:

a) *¿Qué foi o que pasou?*

b) *¿Cómo reaccionaches ti: qué fixeches, qué dixeches?*

- c) *¿Cómo te sentías?*
- d) *¿Cómo se sentirían as outras persoas?*
- e) *¿Consideras que poderías ter actuado doutro xeito máis positivo?*

**ACTIVIDADE 4. Lembra algunha vez en que te comportaches de xeito pasivo .
Responde a estas cuestións:**

- f) *¿Qué foi o que pasou?*
- g) *¿Cómo reaccionaches ti: qué fixeches, qué dixeches?*
- h) *¿Cómo te sentías?*
- i) *¿Cómo se sentirían as outras persoas?*
- j) *¿Consideras que poderías ter actuado doutro xeito máis positivo?*
- k)

**ACTIVIDADE 5. Lembra algunha vez en que te comportaches de xeito asertivo.
Responde a estas cuestións:**

- l) *¿Qué foi o que pasou?*
- m) *¿Cómo reaccionaches ti: qué fixeches, qué dixeches?*
- n) *¿Cómo te sentías?*
- o) *¿Cómo se sentirían as outras persoas?*
- p) *¿Consideras que poderías ter actuado doutro xeito máis positivo?*

ACTIVIDADE 6. IDENTIFICANDO O ESTILO AGRESIVO

Busca neste parágrafo aspectos que lembren o estilo agresivo:

“ X está agardando a súa quenda para pedir na cafetería e chega un rapaz maior ,Y , e pásalle por diante. X explícalle que el estaba antes pero Y mírao con ollos de moito enfado e ordéalle que se aparte. Non contento con isto ,Y ameaza a X co puño e pégalle un empurrón, mentres segue berrando “

O estilo de relación de Y é agresivo, pero ¿cómo é o de X? ¿Por qué?

¿Qué consecuencias teñen as súas actuacións para cada un neste momento? ¿E no futuro?

¿Cómo reaccionarías ti se foses X? ¿Qué pasaría despois?

ACTIVIDADE 7. IDENTIFICANDO O ESTILO PASIVO

Localiza no texto aspectos que lembren o estilo pasivo:

Unha rapaza chamada Z pídelle a outra , B, que lle preste os exercicios que mandou a profesora onte. B dille con voz baixa e dubidando: “non sei se é boa idea”. Tén a mirada baixa, parece tremer. Ao final cede e déixalle os deberes a Z”

O estilo de relación de B é pasivo/ inhibido , ¿cómo é o de Z?

¿Qué consecuencias terían para cada ún as súas actuacións nese momento? ¿E no futuro?

¿Cómo reaccionarías ti se foses Z”? ¿Qué pasaría despois?

8. EXPRESANDO A MIÑA OPINIÓN

Agora que xa coñeces os diferentes estilos de relación e comunicación e analizaches situacións en que se manifestan, chegou o momento de REFLEXIONAR E DAR A TÚA OPINIÓN PERSOAL SOBRE O TEMA. Para facelo podes guiarte por estas cuestións :

¿Cál é o estilo que mais predomina no mundo en que vivimos?

¿E na escola?(Por parte do alumnado e do profesorado)

¿ Cál é o predominante en ti, se é que predomina algún?

¿ Cáles son as vantaxes e desvantaxes , segundo a túa opinión, de cada estilo?

Pón exemplos de situacións en que o uso do estilo asertivo é preferible aos outros dous, explicando por qué. Por exemplo:

“Prestámoslle un cd a un amigo ou amiga e devólvenolo deteriorado. Queremos saber o qué pasou pero non queremos perder ese amigo. Se actuamos de xeito pasivo, sentirémonos decepcionados e insatisfeitos con nós mesmos e co amigo. Se actuamos de xeito agresivo, perderemos ese amigo. O mellor é actuar de xeito asertivo.”

¿ Poderías comprometerte a desenvolver un estilo máis asertivo nas túas relacións persoais?

ACTIVIDADE 9.

VALORANDO A MIÑA ASERTIVIDADE

1. Cumplimentar a escala de conduta asertiva. (Tomada do Programa de Habilidades Sociais de Monjas Casares.

1. Valoración coa axuda da persoa orientadora.

ACTIVIDADE 10. APRENDENDO A SER ASERTIVO: A ESCOITA ACTIVA I

Na comunicación é tan importante escoitar como falar ,se ben “ escoitar “ non é o mesmo que “ Oír” .Oír é algo involuntario, só depende dos nosos sentidos e o cerebro que interpreta. Escoitar supón unha intención, un esforzo por captar a mensaxe con eficacia. Esta habilidade de escoita activa pódese aprender e resulta moi útil para mellorar as nosas relacións sociais.

ESCOITAR ACTIVAMENTE É UN ACTO DE VALORACIÓN DA OUTRA PERSOA.

Le atentamente este diálogo?:

--Sinta: Estou moi disgustada porque discutín con Peter e creo que quere que o deixemos.

--Tino(que é o seu amigo e está xogando na videoconsola) . Umm, vaia marrón. ¿ Cómpraches o videoxogo ese do que falamos o outro día?

--Sinta: Síntome fatal, todo é culpa miña por non saber dominar o meu carácter. Non teño remedio.

--Tino (continúa xogando sen mirala). Vale, muller, non será para tanto.

--Sinta (sentándose ao seu carón): Non sei qué facer , agradecería algún consello.

--Tino(érguese para marchar). Xa che teño dito que ese tío non me gustaba nada. Teño que marchar, que aínda non preparei o exame de mañá. Chao, anímate.

-- Que necesitaba Sinta?

--¿Cres que se sentiu escoitada? ¿Por qué? ¿ En qué cousas se nota a falta de atención de Tino?

--¿ Pensas que este episodio repercutirá na relación entre Sinta e Tino?

ACTIVIDADE 11 APRENDENDO A SER ASERTIVO: A ESCOITA ACTIVA II

Como dixemos , PODEMOS APRENDER A ESCOITAR ACTIVAMENTE, poñendo en práctica estes consellos:

QUÉ FACER

- a) Disposición interior : a outra persoa é importante e a súa mensaxe tamén.
- b) Mirar a quén fala.
- c) Adoptar unha expresión no noso rostro que amose o interés
- d) Facer algún xesto de atención, p.e. afirmar coa cabeza
- e) Empregar algún indicativo verbal de que escoitamos : p.e.
 - Animalo a falar: cóntame, qué che pasa...
 - Facer preguntas sobre o tema de que fala
 - Resumir coas nosas palabras o que entendimos do que falou
 - Expresar que comprendemos o que sinte e por qué iso é importante para esa persoa

EVITAR

- Interromper
- Xulgar
- Ofrecer axuda sen comprender ben o problema
- Negar os sentimentos da outra persoa: “Non pasa nada”
- Falar de ti
- Facerte o experto: “ Xa cho advertín”

Volvemos agora ao diálogo entre Sinta e Tino. Redáctao de novo , de tal modo que apreciemos en Tino unha escoita activa, eguendo os consellos indicados.

ACTIVIDADE 12 .APRENDENDO A SER ASERTIVOS II. EXPRESÁNDOSE CON ASERTIVIDADE.

Como vimos con anterioridade o estilo de comunicación asertivo basease na expresión dos propios sentimentos, opinións, necesidades, e na defensa dos propios dereitos , RESPECTANDO OS DEREITOS E CONSIDERANDO AS NECESIDADES DOS DEMAIS.

Estas serían as características dunha comunicación asertiva:

- a) Voz nunha intensidade intermedia ,nun ton firme e confiado.
- b) Fálase de xeito calmado.
- c) Corpo relaxado
- d) Mírase cara á persoa coa que estamos a falar

- e) Fálase en primeira persoa.
- f) Expresión das necesidades, dereitos, sentimentos , opinións , sen atacar aos demais.

....IMOS VER UN EXEMPLO:

“ A nai está cansada de que o seu fillo deixe tiradas as súas cousas pola casa e que non manteña limpo e ordenado o seu dormitorio. Diríxese a el nun ton de voz firme, sen berrar e pide que lle preste atención:

--Necesito falar contigo , senta aquí e escóitame un momento . Teño moito traballo por facer e estou cansada e enfadada porque o teu dormitorio está sen recoller e hai cousas túas tiradas pola casa. Necesito que colabores coa túa parte de tarefas en casa , eu soa non podo con todo. “

*FÍXATE: A nai fala en primeira persoa, refírese aos seus sentimentos (cansada e enfadada), explica os motivos do seu descontento, pero non ataca ao fillo (non lle di ti es un vago, nunca me axudas en nada, etc.) e **MANIFESTA CLARAMENTE O QUE NECESITA QUE FAGA A OUTRA PERSOA.***

....AGORA IMOS PRACTICAR:

SUPOSTO 1.

“ Dúas rapazas son amigas desde hai anos. A unha delas chéganlle rumores de que a outra falou mal dela por aí, inventándose chismes. Está moi enfadada pero esa amiga impórtalle e quere aclarar a situación. Decide falar con ela. ¿Cómo se expresará de xeito asertivo? (Lembra: importa o que se di e cómo se di e sempre hai que respectar o dereito do outro, á vez que expresamos os nosos sentimentos e necesidades)

SUPOSTO 2.

“ Unha alumna sente que a profesora a trata inxustamente na clase. Cre que só se fixa nas cousas que fai mal, que non a axuda nas dificultades, que a culpa de cousas que non fai. Está enfadada e preocupada e quere que a profesora cambie o seu modo de vela . ¿ Cómo pode expresar estes sentimentos e necesidades de xeito asertivo? (Lembra os consellos para ser asertivo . Describe qué pasos daría para falar coa profesora (cándo, ónde,) e cómo sería a súa mensaxe)

SUPOSTO 3.

“Lembra unha situación pasada en que te sentiches moi enfadado/a e non actuaches de xeito asertivo.

- a) Describe a situación: ¿ Qué pasaba? ¿cómo te sentías? ¿qué necesitabas?

b) *¿Cómo actuaches ¿ ¿Serviu para mellorar a túa situación ¿*

c) *¿Cómo o podías ter feito de xeito asertivo?: escribe a mensaxe que enviarías á/ás outras persoas.*

BLOQUE DE ACTIVIDADES : AS EMOCIÓNNS.

ACTIVIDADE 1.¿ Qué é unha emoción?

Poderíamos dicir que se algo caracteriza ao ser humano é a súa capacidade de experimentar emocións. ¿ Pero qué é unha emoción? Lé con atención o seguinte texto: (tomado do Programa de Intelixencia emocional de Vallés Arándiga e Vallés Torrosa)

“A emoción é un estado de alteración física e psicolóxica do noso corpo. Prodúcese como consecuencia do xeito en que percibimos ou analizamos os acontecementos que nos ocorren. As emocións poden ser positivas e negativas. Son positivas as que nos proporcionan un grande benestar e seguridade. A alegría, a tranquilidade, a felicidade, o optimismo son exemplos de emocións que nos proporcionan equilibrio. Porén, outras emocións son negativas porque alteran o funcionamento no noso corpo e da nosa mente. Tal é o caso de ansiedade, medo, ira...

As emocións que experimentamos dependen do significado que lle damos ao que ocorre no noso ambiente. Cando sentimos unha grande necesidade emocional dirixímonos a aquelas persoas (amigos e compañeiras) que sabemos que son valiosas porque saben axudar.

Aprender a manexar axeitadamente as emocións é o propósito da intelixencia emocional.”

1- ¿Pensarás algunha vez no papel que as emocións teñen na túa vida?

2.Intentar explicar nas túas palabras o que comprendiches do texto: qué é unha emoción, qué tipos hai, de qué dependen, pódese aprender ou non a manexalas...

RESUMINDO:

--AS EMOCIÓNNS SON REACCIÓNNS DE CURTA DURACIÓN PERO INTENSAS

--APARECEN DE SÚPETO

--CON ELAS EXPERIMENTAMOS SÍNTOMAS NO NOSO CORPO: CALOR, FRÍO, PALPITACIÓNNS, SUDORACIÓN, DOR DE ESTÓMAGO, DE CABEZA, MAREOS,TREMOR...

--DEPENDEN DO SIGNIFICADO QUE LLE DEAMOS AOS ACONTECEMENTOS QUE NOS OCORREN

--PÓDESE APRENDER A MANEXALAS AXEITADAMENTE.

--SERÁN POSITIVAS OU NEGATIVAS, SEGUNDO NOS CAUSEN BENESTAR OU NON

IMAXINA E ESCRIBE CÓMO SERÍA A VIDA SEN EMOCIÓ**ACTIVIDADE 2: LEMBRANDO AS MIÑAS EMOCIÓNS*****Un mar de emocións:***

As emocións son variadas e noméanse tamén de xeito diverso. Estas poderían ser algunhas:

Medo **Tristeza** **Sorpresa**

Asco **Alegría** **Ira/enfado**

Confusión **Vergoña** **Culpabilidade**

Decepción **Desesperación** **Confianza**

Escolle unha emoción de cada fila e identifica dúas situacións na que te sentiches así.

A) **EMOCIÓN:**

Situacións en que as experimentaches e qué notaches no teu corpo.

B) **EMOCIÓN:**

Situacións en que as experimentaches e qué notaches no teu corpo.

C) **EMOCIÓN:**

Situacións en que as experimentaches e que notaches no teu corpo.

D) **EMOCIÓN:**

Situacións en que as experimentaches e qué notaches no teu corpo.

ACTIVIDADE 3. RECOÑECENDO AS EMOCIÓN S NOUTRAS PERSOAS

As emoción s reflíctense no corpo, especialmente na cara: a posición das cellas, os ollos, na boca, etc. Para axudarnos a identificar qué emoción poden estar sentido as persoas que están connosco, imos debuxar caras que expresen as emoción s da listaxe(como os emoticonos da mensaxería móbil)

Ten en conta, p.e.

- a) Unhas cellas totalmente fruncidas indican enfado e medio fruncidas podería ser confusión.
- b) Unha boca moi aberta indica sorpresa
- c) Uns ollos moi abertos parecen indicar medo ou tamén sorpresa.

Escolle , polo menos , unha emoción de cada fila e debuxa a cara correspondente:

Actividade 4: PENSAMENTO-EMOCIÓN-REACCIÓN I

As emoción s actívanse ante situación s da nosa vida, pero non pola situación en sí, senón pola valoración que facemos desa situación, é dicir, por cómo pensamos que esa situación nos vai afectar.

Imaxina:

“ Vas pola rúa e crúzaste con dous compañeiros de clases, cos que non te levas moi ben. Ao pasar ao teu carón, ves que se están rindo e pensas: Seguro que se estaban rindo de min polo corte de pelo que me fixen. Foi un erro facelo. Agora todos se van rir de min e vouno pasar fatal no instituto” . Comeza a latir forte o corazón, a suarache as mans , notas moita calor na cara. Sénteste moi avergoñado e triste. Vaste para casa e xa non saes dar unha volta cos amigos como tiñas pensado facer antes”

--1-.¿Era realmente importante que dúas persoas se fosen rindo pola rúa?

--2. ¿ Qué foi o que provocou o malestar desta persoa: as risas ou a importancia que lle deu e o que pensou?

--3. ¿A reacción que tivo fíxoo sentirse mellor?

--4. ¿Puido pensar doutro xeito? Formula un pensamento alternativo máis beneficioso.

--5. ¿Puido reaccionar doutro xeito? Formula outra reacción máis beneficiosa para él.

Actividade 5. PENSAMENTO EMOCIÓN-REACCIÓN II

ANTE UN ACONTECEMENTO DA NOSA VIDA, QUE COMEZA A DESPERTAR EN NÓS UNHA EMOCIÓN, CONVÉN CONTROLAR OS NOSOS PENSAMENTOS ACERCA DA IMPORTANCIA DESE ACONTECEMENTO. PODEMOS FACELO A TRAVÉS DA REFLEXIÓN SOBRE ESTAS CINCO CUESTIÓNS:

- 1- *¿ ESTA SITUACIÓN É VERDADEIRAMENTE IMPORTANTE PARA MÍN?*
- 2- *¿ SUPÓN UN PERIGO REAL PARA O MEU BENESTAR?*
- 3- *¿ ESES PRIMEIROS PENSAMENTOS QUE TIVEN BENÉFICIANME OU PERXUDÍCANME? ¿ QUÉ EMOCIÓN ESTÁN CAUSANDO EN MÍN?*
- 4- *¿ PODO FORMULAR UN XEITO ALTERNATIVO DE VALORAR ESTA SITUACIÓN?*
- 5- *¿ CÓMO ME SINTO TRAS CAMBIAR A MIÑA VALORACIÓN?*

Imos analizar un caso:

“Cando entras na clase despois do recreo , descubres que alguén andou na túa mochila e fáltache un libro. “

ALTERNATIVA 1.

Pensas: “ é terrible que anden nas túas cousas e , por riba, che rouben. O libro era prestado , vou ter que pagalo e a miña nai vaise enfadar moito comigo e vaime castigar. Non hai dereito, non se pode traer nada ao instituto, A ver si foi X, que dicen que anda collendo cousas por aí ”.

Sénteste: Indignado, moi enfadado con X e o instituto e preocupado polo que pasará na casa.

Reaccionas: Vas onda X e pégalle unha patada, reclamando o teu libro. O profesor ve os feitos e mándate á Xefatura de Estudos.

¿ Pareceche esta unha alternativa beneficiosa

--ALTERNATIVA 2 .

Imaxina ti unha forma alternativa de pensar nesta situación, reflexiona sobre cómo te sentirías entón e cómo reaccionarías. Guíate polas cinco cuestións do inicio da actividade.

ACTIVIDADE 6. AS EMOCIÓNS NEGATIVAS I

_As emocións poden ser negativas ou positivas, dependendo de cómo nos fan sentir e cómo afectan á noso benestar. As emocións negativas afectan ao noso estado de ánimo e prexudican a nosa saúde emocional e mesmo física.

Tódalas persoas temos emocións negativas, a cuestión é expresalas dun xeito correcto e manexalas para mellorar o noso benestar.

TODOS E TODAS PODEMOS APRENDER A MANEXAR DE XEITO MAIS ADAPTATIVO AS NOSAS EMOCIÓNS NEGATIVAS .

--Velaquí unha listaxe de emocións negativas:

<i>Medo</i>	<i>Ira</i>	<i>Enfado</i>	<i>Tristeza</i>
<i>Abatemento</i>	<i>Envexa</i>	<i>Ansiedade</i>	<i>Odio</i>
<i>Preocupación</i>	<i>Culpabilidade</i>	<i>Vergoña</i>	<i>Rancor</i>
<i>Impotencia</i>	<i>Desesperación</i>	<i>Consternación</i>	

A continuación explica, con axuda do dicionario se o necesitas, en qué consisten esas emocións.

ACTIVIDADE 7. ASOCIANDO EMOCIÓN NEGATIVAS CON PENSAMENTOS

Asocia cada pensamento con unha ou varias das emocións do exercicio anterior:

- 1. Seguro que vou suspender, co que estudei...!
- 2. Non sei como facelo por moito que o intente.
- 3. "Como se decaten os amigos de que metín a pata..."
- 4. "Xa o intentei todo o que me dixeron e xa non sei qué facer"
- 5. "Ti es o culpable do que me está a pasar"

- A) "Isto é o peor que me podería ter pasado"
- B) "Creo que todo vai saír mal"
- C) "Non pode perdoarlle isto. Vaimos pagar"
- D) "Nunca fago as cousas ben por iso me pasan estas cousas"
- E) "Saca mellores notas ca min e non o merece. É un pelota"

ACTIVIDADE 8. DETECTANDO EMOCIÓN NEGATIVAS**CASO 1**

"L. quixera todo o que teñen as súas amigas. Sofre cando a elas lles mercan algo novo. Cando a ela lle mercan algo, en lugar de disfrutalo, xa se pón a pensar na seguinte cousa que "necesita" para ser como as demais.

1. ¿Qué emocións pode estar experimentando L"?
2. ¿Por qué cres que se sente así ¿

Marca a resposta ou respostas que consideres:

--Inseguridade --Temor a que os demais te valoren polo que tes

--Medo a.....

--Temor a ser rexeitada.

--Outras causas

3. ¿Beneficiaa en algo pensar e sentir así ?
4. ¿ Favorece a súa relación con outras persoas?

5. ¿ Sentícheste así algunha vez ?¿Cómo actuaches?

CASO 2.

“ J enterouse de que o seu amigo K foi contando cousas privadas del a outra xente. Non comprende cómo puido actuar así . Pasa o tempo imaxinando formas de devolverlle a faena a K. Non se concentra nos estudos e non tén ganas de saír con amigos?

1. ¿ Qué emocións pode estar experimentando J”?
2. ¿ Por qué cres que se sente así?

Marca a resposta ou respostas que consideres:

- Temor a que os demais coñezan cousas íntimas del
- Pensa que o seu amigo o traizoou
- Desconfianza de o seu amigo
- Outras causas

3. ¿Benefíciase en algo pensar e sentir así ?
4. ¿ Favorece a súa relación con outras persoas?
5. ¿ Sentícheste así algunha vez ?¿Cómo actuaches?

CASO 3.

“ P é unha adolescente que estudia ESO. Vai regular nos estudos. Cando tén unha nota baixa xa pensa que vai suspender todo o curso . Se algún compañeiro ou compañeira fai un comentario sempre o interpreta como negativo cara ela”

1. ¿ Qué emocións pode estar experimentando P”?
2. ¿ Por qué cres que se sente así ?

Marca a resposta ou respostas que consideres:

- Medo á reacción dos seus pais
- Demasiado esixente consigo mesma
- Inseguridade
- Non se valora o suficiente
- Outras causas

3. ¿Beneficiaa en algo pensar e sentir así ?
4. ¿ Favorece a súa relación con outras persoas?
5. ¿ Sentícheste así algunha vez ?¿Cómo actuaches?

ACTIVIDADE 9. MANEXANDO AS EMOCIÓN NEGATIVAS

Lembra os casos da actividade 6. Imos reflexionar sobre cómo manexar esas emocións para que causen o menor dano posible a nós mesmos e aos demais.

CASO 1.

Emocións negativas presentes: Envexa, medo a ser rexeitada , vergoña por non ter o mesmo que os demais.

¿ Cómo as manexamos?

1º. Cuestionar os pensamentos que a manteñen

Lembrar: ¿esta situación é verdadeiramente importante para min?

¿supón un perigo real para o meu benestar? ¿qué efectos negativos me causa esta forma de pensar? ¿podo valorar o sucedido doutro xeito? ¿ qué pensamentos alternativos me favorecerían mais?

2º. Intentar transformar esa emoción negativa nunha positiva: a admiración por outras aspectos positivos desa persoa, non materiais.

3º. Valorar e aproveitar as túas calidades persoais.

Redacta agora unha carta en que expliques a L, seguindo os consellos anteriores, cómo superar esa envexa.

Podes comezar así:

“Querida L:

“ A unha persoa hai que valorala por cómo é, cómo actúa, non polas cousas materiais que

posúe

.....

CASO 2.

Emocións negativas presentes: Enfado/ira , desexo de vinganza ,tristeza, abatemento.

¿ Cómo as manexamos?

1º. Cuestionar os pensamentos que a manteñen

Lembrar: ¿esta situación é verdadeiramente importante para min?

¿supón un perigo real para o meu benestar? ¿qué efectos negativos me causa esta forma de pensar? ¿podo valorar o sucedido doutro xeito? ¿qué pensamentos alternativos me favorecerían mais?

2º. Intentar transformar esas emocións negativas noutras positivas:

Enfado por comprensión de que os demais tamén cometen erros.

Desexo de vinganza por desexo de iniciar novas relacións.

3º. Valorar e aproveitar as túas calidades persoais.

4º Seguir estes consellos para cando te sintas triste e abatido:

I. PROCURA TER UNHA ACTIVIDADE GRATA PARA TI.

II. INTENTA ANIMAR A OUTRAS PERSOAS

III. EXPRESA OS TEUS SENTIMENTOS DO XEITO QUE POIDAS: *escribe unha carta, un poema, falar cun amigo, un familiar, alguén de confianza ou mesmo cun amigo imaxinario.*

Redacta agora un artigo para un xornal escolar en que expliques cómo superar situacións de enfado, desexo de vinganza e abatemento.

Podes comezar así:

“ Quizás non podes elixir as situacións que van aparecendo na túa vida pero si podes

.....

CASO 3.

Emocións negativas presentes: Ansiedade, falta de valoración cara un ou unha mesma.

¿ Cómo as manexamos?

1º. Cuestionar os pensamentos que a manteñen

Lembrar: ¿esta situación é verdadeiramente importante para min?

¿supón un perigo real para o meu benestar? ¿qué efectos negativos me causa esta forma de pensar? ¿podo valorar o sucedido doutro xeito? ¿qué pensamentos alternativos me favorecerían mais?

2º. Intentar transformar esas emocións negativas noutras positivas:

Ansiedade por confianza na vida e nas propias capacidades

Baixa autoestima por aceptación dun mesmo e consideración da propia valía.

3º. Practicar a respiración profunda e a relaxación

4º. Imaxina esa situación de forma positiva.

COMPÓN UN RAP QUE PODA CONVENCER A UNHA PERSOA EN SITUACIÓN DE ANSIEDADE, QUE INCLÚA OS CONSELLOS ANTERIORES E TODOS OS QUE TI CONSIDERES.

.....

ACTIVIDADE 10. COÑECENDO A IRA

Ira é sinónimo de rabia, cólera, estar enfurecido. Trataríase dun enfado moi intenso.

Aparece cando os nosos pensamentos nos falan de ameaza para a nosa autoestima ,a nosa seguridade ou os nosos dereitos; cando cremos que outras persoas actúan para poñernos en ridículo ; cando pensamos que se comete unha inxustiza connosco ou outras persoas...

Experimentamos entón sensacións corporais claramente recoñecibles:

-Palpitacións.

-Calor, sobre todo na cara.

-Tensión muscular, puños pechados.

- Sensación de premer a mandíbula e os dentes.

A nosa capacidade de pensar con racionalidade e claridade vese afectada, actúa a parte mais primitiva do noso cerebro e resulta difícil controlarse, podendo resultar danadas outras persoas, aparte do desgaste que supón para o noso organismo unha situación continuada de enfado.

Todos e todas temos dereito a enfadarnos. Pero cando sentimos que o noso enfado está crecendo tanto que se converte en ira e que imos perder o autocontrol, TEMOS QUE ACTUAR PARA EXPRESAR ADECUADAMENTE O NOSO ENFADO E REBAIXAR A TENSIÓN EMOCIONAL.

Reflexiona agora sobre ti mesmo/a:

1. *¿Cando e cómo alguén te puxo en ridículo e sentiches ira?¿Qué pensabas nesa situación?¿QUÉ CONSECUENCIA TIVO A TÚA IRA SOBRE OS DEMAIS?¿E SOBRE TI MESMO/A?*

Cándo fuches ti quen puxo en ridículo a outra persoa e esta enfadouse: ¿qué cres que podía pensar?

2. *¿Cándo e cómo te trataron inxustamente e ti te enfadaches moito? ¿ En qué e cómo pensabas nese momento?¿Qué consecuencias tivo o enfado sobre os demais? ¿ e sobre ti mesmo?*
3. *¿Cándo e cómo fuches ti inxusto con outras persoas e se enfadaron contigo? ¿qué pensamentos terían entón?*

ACTIVIDADE 11. MANEXANDO A IRA

Cando sintamos que o enfado está crescendo e poderíamos perder o control , recorreremos a estas estratexias:

1º. Respirar profunda e pausadamente 4 veces. Inspiramos pausadamente , retemos o aire contando ata 3, e expiramos lentamente.

2º. Contar ata 10

3º. RETIRARSE, APARTARSE .

4º. Practicar algunha técnica de relaxación que saibamos.

5º. Pensar:

a)¿ Esta situación é verdadeiramente importante para min?

b)¿Supón un perigo real para o meu benestar?

c) ¿Benefíciame enfadarme tanto?

d) ¿Podo pensar sobre esta situación de xeito alternativo?

6º. Expresar o meu enfado empregando mensaxes eu, como vimos ao falar da asertividade.

7º. Buscar axuda e consello en outras persoas ás que lle resulte mais sinxelo manter a calma .

Agora imos crear pensamentos alternativos para situacións como:

Ex. Alguén me insulta.

Pensamento : *estou farta , voulle dar unha patada. Emoción que me causa: enfado, rabia, ira*

Pensamento alternativo: *a opinión que esta persoa teña sobre min non me interesa. Consecuencia: diminúe o meu enfado*

Formula ti outros dous pensamentos alternativos

1.....

2.....

SITUACIÓN: ACÚSANME DE FACER ALGO QUE NON FIXEN

Pensamento : *Isto é moi inxusto, da o mesmo o que faga, sempre son eu o culpable. Consecuencia : enfado.*

Pensamento alternativo: *Están equivocados pero seguro que me deixan explicar a verdade.*

Formula ti outros dous pensamentos alternativos:

1.....

2.....

SITUACIÓN: CONTÁRONME QUE UN AMIGO OU AMIGA FALABA MAL DE MIN

Pensamento : *Non me podoo fiar de ninguén, cómo me pode facer isto a min.*

Consecuencia: *enfado, desconfianza que se pode estender a outras persoas .*

Pensamento alternativo: *As persoas teñen dereito a equivocarse.*

Formula outros dous pensamentos alternativos:

1.....

2.....

BLOQUE DE ACTIVIDADES: A EMPATÍA**ACTIVIDADE 1. COÑECENDO A EMPATÍA**

A EMPATÍA é a capacidade de “ poñerse no lugar” doutra persoa, de entender qué emocións senten. Isto implica:

a)Capacidade de distinguir e identificar as emocións dos demais.

b)Capacidade de imaxinar qué pode estar pensando e sentindo a outra persoa.

c) Capacidade de establecer algún vínculo afectivo coa outra persoa.

IMOS AGORA VALORAR CÓMO ANDAMOS DE EMPATÍA:

1. *¿ decátaste cando alguén está consternado?Explica en qué o notas . pon algún exemplo de cómo actuaches nese caso.*
2. *¿ decátaste cando alguén ten medo? Explica en qué o notas . pon algún exemplo de cómo actuaches nese caso.*
3. *¿ DECÁTASTE CANDO ALGUÉN ESTÁ PREOCUPADO? Explica en qué o notas . pon algún exemplo de cómo actuaches nese caso.*
4. *¿DECÁTASTE DE CANDO ALGUÉN ESTÁ AVERGOÑADO? Explica en qué o notas . pon algún exemplo de cómo actuaches nese caso.*

ACTIVIDADE 2. PRACTICANDO A EMPATÍA I

IMOS INTENTAR POÑERNOS NO PUNTO DE VISTA DOUTRA/S PERSOA/S NESTAS SITUACIÓNS:

A) Dílle a un amigo ou unha amiga: “és tolo ou tola”

¿Qué pensará ese amigo ou amiga?

¿Cómo se sentirá?

➤ *négaste a facer o que che indica o profesor*

¿Qué pensará ?

¿Cómo se sentirá?

c) *RISTE DUN COMPAÑEIRO OU COMPAÑEIRO NA CLASE*

¿QUÉ PENSARÁ?

¿Cómo se sentirá?

D. *FALAS TODO O TEMPO NA AULA, NON DEIXAS DAR A CLASE.*

¿Qué pensarán o profesor ou profesora e o resto de compañeiros?

¿Cómo se sentirán

ACTIVIDADE 3. PRACTICANDO A EMPATÍA II

Reflexiona sobre cáles serían os teus pensamentos, sentimentos e necesidades nos seguintes casos:

1. *És novo ou nova no instituto ou na clase*
2. *És o alumna ou alumna mais rexeitado na clase*
3. *Alguén se mete contigo todo o tempo*
4. *Cóstanche moito as matemática*
5. *Non téas diñeiro para mercar cousas que necesitas*
6. *vas nunha cadeira de rodas*
7. *Difunden rumores e calumnias sobre ti*
8. *Levas gafas de alta graduación*

BLOQUE DE ACTIVIDADES: RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

ACTIVIDADE 1. COÑECENDO O CONFLITO

1. *¿QUÉ É PARA TI UN CONFLITO?*
2. *Comenta algún conflito que coñezas*

Segundo Torrego, un conflito é un proceso en que dúas ou mais partes entran en oposición ou desacordo porque as súas posicións, intereses, necesidades, desexos ou valores son incompatibles ou percibidos como incompatibles e onde emocións e sentimentos xogan un papel moi importante.

BLOQUE DE ACTIVIDADES: INTERACCIÓNS SOCIAIS POSITIVAS

- **ACTIVIDADE 1. VALORANDO A NECESIDADE DA COLABORACIÓN**

a) *Lectura dos contos: “ O pozo do deserto” e “ O país das culleres longas “.*

b) *Explica os contos coas túas propias palabras.*

- *Sintetiza nunha soa oración a aprendizaxe que encerra cada conto.*
- *Pon , como mínimo, dous exemplos da túa vida diaria en que a axuda e colaboración sexan imprescindibles.*
- *Elabora un conto que transmita as mesmas ensinanzas*

ACTIVIDADE 2. FACENDO CUMPRIDOS I:

“ Facer un cumprimento significa dicirlle algo positivo a outra persoa. “ Por exemplo, unha alumna lle dice ao seu compañeiro de clase : “ Gústame que sempre me saúdas cando nos vemos pola rúa”.

..Escribe outras palabras e expresións que signifiquen o mesmo.

.. ¿ Prefires que fagan comentarios positivos ou negativos sobre ti ? A resposta parece obvia. Entón por qué facemos mais comentarios negativos que positivos ás outras persoas? Escribe a continuación a túa opinión.

..Fai unha listaxe de consecuencias positivas de eloxiar ás outras persoas:

--

ReCOMENDACIÓNS PARA FACER CUMPRIDOS:

- A) *Elixo o lugar e o momento axeitados.*
- B) *Mellor ser sinceros, sen esaxerar o eloxio.*
- C) *Evitar cumpridos sexistas.*
- D) *Utiliza unha linguaxe corporal axeitada: mirar aos ollos de forma amable, postura relaxada, ton de voz suave.*
- E) *PRACTICA, PRACTICA E PRACTICA*
- F) *ENGADE AQUÍ ALGÚN CONSELLO QUE A TI CHE FUNCIONE*
.....
.....
.....

ACTIVIDADE 3. FACENDO CUMPRIDOS II

Pensa en cumpridos que poderías facerlle a:

- a) *A túa nai*
- b) *O teu pai*
- c) *Un compañeiro ou compañeira de clase*
- d) *Un amigo ou amiga*
- e) *Outra persoa que ti elixas*

ACTIVIDADE 4. RECIBINDO CRÍTICAS I

___--Busca no dicionario o significado da palabra CRÍTICA e defínea despois coas túas propias palabras:

-----Escribe outras palabras relacionadas con crítica:

-----¿A palabra crítica ten un significado positivo ou negativos para ti? Razona a túa resposta.

UNHA CRÍTICA PODE CONVERTERSE NUNHA OPORTUNIDADE PARA A MELLORA E O CRECEMENTO PERSOAL .

..Describe unha situación en que alguén che fixo unha crítica. ¿Era unha persoa importante para ti? ¿Qué pensaches cando comezou a criticarte? ¿Qué sentías ? ¿Cál foi a túa reacción? ¿ Supuxo algún cambio na túa vida ?

ACTIVIDADE 5. RECIBINDO CRÍTICAS II**Consellos para recibir críticas:**

1º. escoita a crítica con atención; aclara mediante preguntas o que necesites.

2º. Reláxate, respira . Controla os teus pensamentos:Non o tomes como unha ofensa persoal, pensa que pode ser unha oportunidade para mellorar.

3º. Valora se o que escoitaches é verdade e se esa persoa é significativa para ti. Pódense dar as seguintes situacións:

a)-A persoa é importante para ti e ten razón e decides cambiar: aceptar a crítica e expoñer en qué consistirá o cambio.

b) A persoa é importante para ti, ten razón pero non queres cambiar. Transmítello de xeito asertivo.

c) A persoa era importante pero a súa crítica estaba equivocada. Exprésala de xeito asertivo os teus argumentos.

d) Esa persoa non era importante para ti e a crítica era inxusta. En primeiro lugar non te enfades, non paga a pena. Despois podes optar por ignorala ou asertivamente expresar o teu desacordo co que di.

IMOS ANALIZAR DIFERENTES CASOS

Caso 1.

“M. é o teu amigo desde hai moito tempo. Sempre podes contar con el e para pasalo ben non hai outro mellor. Con frecuencia incumpre as normas da súa casa respecto a horas de chegada pola noite. Na túa familia son bastante estrictos con isto e non queres ter problemas por elo. M. adoita queixarse de que tu cumpras as normas e un día diche claramente: Xa estou farto de que te fagas o santo. Estámolo pasando ben e ti márchaste no mellor, estropealo todo. “

***¿cómo te sentirías ao escoitalo?*

***¿Qué valoración convén que fagas das súas palabras?*

(Lembra diferenciar entre o que el significa para ti e a fundamentación da súa crítica)

P.e. “E un bo amigo pero non é verdade que eu sempre marche e os deixes plantados?

Fai a túa valoración:.....
.....
.....

***¿Cómo te dirixirías a el ? (Lembra que non falamos só coas palabras, senón con todo o corpo: ton de voz, postura corporal, movemento das máns....*

Caso 2

O profesor fala contigo de xeito individual e diche que falas moito na súa clase, interrompes

ANEXO II

MECANISMOS E INDICADORES PARA O SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA

1_ Mecanismos e indicadores para o seguimento , avaliación e mellora do plan de convivencia.

1. MECANISMOS, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS.

a) Comisión de convivencia

Con carácter trimestral a Comisión de Convivencia fará o seguimento da implantación das medidas e actuacións previstas no Plan, preventivas, dinamizadoras e correctoras.

Ao remate do curso, elaborará unha memoria anual sobre a convivencia no centro que incluírá, entre outros, unha avaliación do Plan , seguindo unha grella cos indicadores que recolle o apartado Esa avaliación irá acompañada de propostas de mellora que se incluírán na concreción do Plan de Convivencia para o curso seguinte.

b) Xefatura Departamento de Orientación

Cando non forme parte da Comisión de Convivencia, prestará asesoramento á mesma tanto no seguimento , como na avaliación final e propostas de mellora.

c) Consello Escolar

Coñecerá a memoria elaborada pola Comisión de Convivencia, achegando as propostas de mellora que se consideren pertinentes.

d) Claustro do profesorado

Ao fin de curso coñecerá a memoria elaborada pola Comisión de Convivencia, achegando as propostas melloras que se consideren pertinentes.

e) Alumnado Delegado

Ao fin de curso coñecerá a memoria elaborado pola Comisión de Convivencia, achegando as propostas que se consideren pertinentes.

Para a avaliación final empregárase unha grella que inclúa os indicadores seleccionados, de xeito tanto cuantitativo como cualitativo.

Un resumo das conclusións da memoria final aparecerá na páxina WEB do IES e na revista do mesmo, cando se edite.

2_ INDICADORES DO SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

Indicador Nº 1: Cumprimento dos obxectivos propostos no Plan de convivencia. principais aspectos a considerar:

1. Acadáronse os obxectivos propostos no plan de convivencia?.
2. O Plan de convivencia deu resposta aos aspectos do entorno que inciden na convivencia escolar?.

Indicador Nº 2: Desenrolo das actividades incluídas no Plan de convivencia. Principais aspectos a considerar:

1. O desenvolvemento das actividades deu resposta aos obxectivos do Plan de convivencia?.
2. As actividades lévanse a cabo coa temporalización prevista?.

Indicador Nº 3: Implicación xeral dos diferentes sectores da comunidade educativa no Plan de convivencia. Principais aspectos a considerar:

1. Cal foi o grao de implicación dos diferentes sectores da comunidade educativa?.
2. Cal foi o grao de implicación do profesorado na prevención e resolución de conflitos?.
3. Implicouse o alumnado nas actuacións de mediación?.
4. Cal foi o grao de colaboración das familias nas diferentes actuacións de corrección levadas a cabo no Centro?.

Indicador Nº 4: Funcionamento da Comisión de Convivencia do Centro Principais aspectos a considerar:

1. Cantas veces se reuniu ao longo do curso a Comisión de convivencia?.
2. Cales foron os principais temas tratados pola Comisión de Convivencia?.
3. A Comisión de Convivencia realizou o seguimento do Plan de Convivencia?.
4. Colaborou a Comisión de Convivencia na planificación de medidas preventivas e na resolución de conflitos no Centro?.

Indicador Nº 5: Participación do coordinador de convivencia na dinamización da convivencia no Centro. Principais aspectos a considerar:

1. Grado de participación na dinamización, xestión e avaliación da convivencia no Centro?.
2. Cales foron as intervencións máis destacadas como mediador e como dinamizador da cooperación das familias?.

Indicador Nº 6: Coordinación do coordinador de convivencia co Dpto. de Orientación.**Principais aspectos a considerar:**

1. Cal foi o grao de colaboración co Xefe de estudos, titores e Comisión de coordinación pedagóxica no desenvolvemento das actividades previstas no Plan de Convivencia?, ¿e na aplicación do Plan de Acción Titorial?.

2. ¿Cal foi o grao de coordinación e colaboración co Dpto. de Orientación do centro?.

Indicador Nº 7: Actividades formativas dirixidas á mellora da convivencia para os membros da comunidade educativa. Principais aspectos a considerar:

1. ¿Realizáronse actividades formativas dirixidas á mellora da convivencia para os membros da comunidade educativa? Que tipo de actividades?.

2. ¿Como foi a resposta e a implicación nas actividades por parte dos diferentes sectores da comunidade educativa?.

Indicador Nº 8: Existencia de mecanismos de detección temperá en casos de desatención familiar ou situacións externas ao Centro que teñan repercusións sobre a escolarización do alumnado Principais aspectos a considerar:

1. ¿Existen mecanismos de detección temperá en casos de desatención familiar –risco social- ou situacións externas ao Centro que teñan repercusións sobre a escolarización -absentismo- do alumnado?

Indicador Nº 9: Existencia, e coñecemento, de protocolos propios de actuación en situacións de conflito en función de características específicas Principais aspectos a considerar:

1. ¿Existen protocolos claros e coñecidos de actuación en situacións de conflito en función das características do mesmo?

Indicador Nº 10: Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso pasado. Principais aspectos a considerar:

1. Considerando os datos relativos, ¿que valoración se fai da convivencia no centro?.

2. ¿Como se considera a evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso pasado?.

Indicador Nº 11: Valoración global da situación da convivencia escolar no Centro. Principais aspectos a considerar:

1. ¿Cal é o grao de satisfacción da comunidade educativa en relación coa situación da convivencia escolar?.

2. ¿Cales son as principais propostas da continuidade e de mellora?.

